

Un libro e unha flor para celebrar o 24 de febreiro o Día de Rosalía

21.01.2015

EFE

Santiago. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) volveu lanzar a súa propostas de agasallar un libro galego e unha flor para celebrar o aniversario de Rosalía de Castro, que en 2015 chega baixo o lema *Eu son Rosalía*. O vindeiro 24 de febreiro cumpriranse cento setenta e oito anos do nacemento da poeta máis influente en lingua galega e a AELG planea unha serie de actividades para celebrar esta data.

Baixo o lema *Eu son Rosalía* a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega convida a centros escolares, institucións e demais colectivos, ademais de a particulares, a realizar iniciativas encamiñadas a afondar na diversidade temática da obra rosaliana.

Recorda, ademais, a proposta que hai desde 2010 de celebrar esta data co agasallo dun libro en galego e unha flor, como se fai noutras comunidades no Día do Libro.

Os que participen nas iniciativas gravarán un vídeo que comenza precisamente con *Eu son Rosalía* e continuará cos motivos que levan a sentir unha especial sensibilidade coa súa obra.

A idea, segundo apuntan desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a través dun comunicado, é que se filmen estes documentos en lugares da vida cotiá e noutros que teñan especial conexión coa obra da poeta compostelana.